

# MINISTERIO DE XUSTIZA

## **5401** *REAL DECRETO 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.*

A Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, incorpora ao noso ordenamento xurídico un novo instrumento de protección fronte ás infraccións penais cometidas no entorno familiar, que se caracteriza, como expresa a súa exposición de motivos, por unificar os distintos instrumentos de amparo e tutela, de maneira que «a través dun rápido e sinxelo procedemento xudicial, substanciado ante o xulgado de instrución, poida obter a vítima un estatuto integral de protección que concentre de forma coordinada unha acción preventiva de natureza civil e penal», e permita ás distintas Administracións públicas activar os distintos instrumentos de tutela.

O novo artigo 544 ter introducido na Lei de Axuizamento Criminal pola Lei 27/2003, de 31 de xullo, contempla no seu apartado 10 a inscrición da orde de protección no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, a cuxo fin a disposición adicional primeira da Lei 27/2003, de 31 de xullo, establece que «o Goberno, a proposta do Ministerio de Xustiza, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Axencia de Protección de Datos, ditará as disposicións regulamentarias oportunas relativas á organización do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, así como o réxime de inscrición e cancelación dos seus asentos e o acceso á información contida en aquel, asegurando en todo caso a súa confidencialidade».

A efectividade das medidas preventivas que se integran na nova orde de protección resulta facilitada a través da existencia dun único rexistro central, no que conste a referencia de todas aquelas penas e

medidas de seguridade acordadas en sentenza, así como as medidas preventivas e ordes de protección acordadas en procedementos penais en tramitación fronte a un mesmo inculpado por este tipo de infraccións, xa fosen ditadas para a protección física da vítima contra agresións ou para regular a situación xurídica familiar ou paterno-filial que relaciona á vítima co presunto agresor.

Con esta finalidade, este real decreto regula a organización e contido do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, así como os procedementos de inscrición, cancelación e consulta. Neste aspecto, debe terse en conta que o tratamento de datos se sistematiza a través dunha inicial diferenciación das medidas de protección, segundo fosen estas acordadas de forma preventiva nun procedemento penal en tramitación ou en sentenza firme, dado que o seu réxime xurídico é distinto nun e noutro caso.

Respecto das primeiras, a anotación dunha medida preventiva ou dunha orde de protección require o tratamento da información do correspondente procedemento penal de referencia, xa que da súa pendencia deriva, en definitiva, a propia subsistencia da medida acordada.

Respecto das segundas, a necesidade de asegurar unha exacta correspondencia entre a nova información que se inscriba no Rexistro central de penados e rebeldes e os datos do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica avoga pola solución de unificar o sistema de inscrición e cancelación a través da remisión telemática de notas de condena dende o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica cara ao Rexistro central de penados e rebeldes.

En ambos os dous casos, encoméndase ao secretario xudicial, na súa condición de fedatario público das actuacións xudiciais, a esencial función de comunicar a información que teña que inscribirse no Rexistro central para a protección das

vítimas da violencia doméstica, aportando deste xeito a máxima solvencia xurídica e confidencialidade ao contido do rexistro e garantindo os dereitos dos cidadáns e das vítimas do delito.

Tamén se regula neste real decreto, mediante unha disposición adicional, o sistema de comunicación polos secretarios xudiciais dos correspondentes órganos xudiciais ás Administracións públicas competentes en materia de protección social, que prevé o apartado 8 do citado artigo 544 ter da Lei de Axuizamento Criminal, introducido pola Lei 27/2003, de 31 de xullo.

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Xustiza, coa aprobación previa da Ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

#### DISPÓNDO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto crear e regular a organización do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, previsto na Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, e o réxime de anotación, consulta e cancelación dos datos contidos no mesmo.

##### Artigo 2. *Natureza e organización do rexistro.*

1. O Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica constitúe un sistema de información relativo a penas e medidas de seguridade impostas en sentencias por delito ou falta e medidas preventivas e ordes de protección acordadas en procedementos penais en tramitación, contra algunha das persoas mencionadas no artigo 173.2 do Código Penal.

2. A finalidade exclusiva do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica é facilitar aos órganos xudiciais da orde penal, ao Ministerio Fiscal, á Policía Xudicial e aos órganos xudiciais da orde civil que coñezan dos

procedementos de familia a información precisa para a tramitación de causas penais e civís, así como para a adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas.

3. O Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica abarca todo o territorio nacional e a súa xestión corresponde á Secretaría de Estado de Xustiza, a través da Dirección Xeral para a Modernización da Administración de Xustiza.

4. Os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, así como as medidas de seguridade dos datos contidos no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica rexeranse polo establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e polas súas disposicións complementarias.

##### Artigo 3. *Encargado do rexistro e das medidas de seguridade.*

1. O encargado do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, adscrito á Dirección Xeral para a Modernización da Administración de Xustiza, será responsable do seu control, organización e xestión. Adoptará as medidas necesarias para asegurar a axilidade na transmisión da información regulada no artigo seguinte, así como a integridade, confidencialidade e accesibilidade dos datos contidos no Rexistro central.

2. O encargado do Rexistro central asumirá as funcións de anotación e verificación da información telemática remitida, e garantirá, con plena eficacia xurídica, a autenticidade e integridade dos datos.

##### Artigo 4. *Información contida no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.*

1. No Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica anotaranse os datos relativos a

penas e medidas de seguridade impostas en sentencias por delito ou falta e as medidas preventivas e ordes de protección acordadas en procedementos

penais en tramitación, sempre que fosen adoptadas polos xuíces e tribunais da xurisdición penal en causas seguidas contra algunha das persoas mencionadas no artigo 173.2 do Código Penal.

2. As anotacións no Rexistro central relativas a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza declarada firme por algunha das causas penais referidas no apartado anterior expresarán os seguintes datos:

a) Órgano xudicial que ditou a sentenza, data desta, tipo de procedemento e número de identificación xeral do procedemento (NIX).

b) Órgano xudicial que declara a firmeza da sentenza, data desta e número da causa executoria.

c) Nome e domicilios do condenado, filiación, data de nacemento e número do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, tarxeta de residencia ou pasaporte.

d) Nome e domicilios da vítima, filiación, data de nacemento e número do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, tarxeta de residencia ou pasaporte, e relación co condenado.

e) Delito e/ou falta cometidos.

f) Pena principal ou accesoria imposta, a súa duración ou contía, medidas acordadas e a súa duración.

g) A substitución da pena que se puidese ter acordado en sentenza ou auto firmes, con expresión da pena ou medida substitutiva imposta.

h) A suspensión da execución da pena que se puidese ter acordado, con expresión do prazo, e das obrigas ou deberes que no seu caso se acorden.

3. As anotacións no Rexistro central relativas a procedementos en tramitación e as medidas preventivas ou ordes de protección ditadas por algunha das causas referidas no apartado 1 conterán a seguinte información:

a) Órgano xudicial ante o que se tramita, tipo de procedemento, delito ou falta obxecto do procedemento, data do auto de incoación ou da resolución de reapertura e número de identificación xeneral do procedemento (NIX).

b) Nome e domicilios do imputado, filiación, data de nacemento e número do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, tarxeta de residencia ou pasaporte.

c) Nome e domicilios da vítima, filiación, data de nacemento e número do documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiro, tarxeta de residencia ou pasaporte e relación co imputado.

d) Orde de protección ou medida preventiva acordada, data de adopción, medidas civís e penais que comprende a orde de protección, con expresión, no seu caso, do seu contido, ámbito e duración.

e) Data de sentenza ditada, cando esta non sexa firme, con expresión no seu caso dos delitos ou faltas declarados, penas ou medidas de seguridade impostas e a súa duración ou contía.

*Artigo 5. Comunicación ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica de datos relativos a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza firme.*

1. Os secretarios xudiciais remitirán para a súa anotación ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, dentro do prazo de 24 horas posteriores á declaración de firmeza da correspondente sentenza, o modelo telemático de nota de condena expresado no anexo I.a).

Tamén, para facilitar a inmediata comunicación á Policía Xudicial das penas e medidas de seguridade impostas aos efectos da súa execución e seguimento, os secretarios xudiciais remitirán simultaneamente á Policía Xudicial copia impresa do modelo telemático de nota de condena.

2. O Encargado do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica comunicará de oficio ao Rexistro central de penados e rebeldes as sentencias penais firmes ditadas nalgunha das causas penais referidas no apartado 1 do artigo anterior na mesma data en que proceda á súa anotación, con expresión dos datos aos que se refire o apartado 2 do artigo anterior.

*Artigo 6. Comunicación ao Rexistro central de datos relativos a procedementos penais en tramitación, medidas preventivas e ordes de protección. Funcións dos secretarios xudiciais.*

1. A comunicación dos datos obxecto de anotación no Rexistro central relativos a procedementos penais en tramitación, medidas preventivas e ordes de protección realizarase polo secretario xudicial dentro das 24 horas seguintes a aquela na que se ditase algunha das resolucións comprendidas no artigo 4.3.a), d) e e).

2. A transmisión dos datos ao Rexistro central levarase a cabo telematicamente polo secretario xudicial que corresponda. A tal efecto, a nota telemática establecida polo Ministerio de Xustiza como anexo II.a) cumprimentarase baixo a exclusiva responsabilidade dos secretarios xudiciais, que verificarán a exactitude do seu contido e a transmitirán electronicamente ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.

Ademais, para facilitar a inmediata comunicación á Policía Xudicial das medidas preventivas e ordes de protección ditadas aos efectos do seu seguimento, os secretarios xudiciais remitirán simultaneamente á Policía Xudicial copia impresa da nota telemática.

3. En todo caso quedará constancia da identidade do secretario xudicial

interveniente, así como da integridade e confidencialidade dos datos transmitidos.

*Artigo 7. Soporte da información e réxime das comunicacións.*

1. Os datos estarán contidos en soportes informáticos apropiados para almacenar e expresar, con garantía xurídica e de modo indubitado, toda a información que ten que constar no rexistro, con facilidade de recuperación e garantía da súa conservación e transmisión.

2. A transmisión de datos ao Rexistro central e o acceso á información contida nel realizaranse a través dos procedementos telemáticos regulados neste real decreto e nas disposicións administrativas que o desenvolven.

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, cando as circunstancias técnicas impidan a transmisión telemática, a transmisión dos datos ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica poderá realizarse mediante a remisión ao encargado do rexistro dos modelos cumprimentados expresados nos anexos I.b) e II.b). Neste caso, a comunicación á Policía Xudicial á que se refiren o artigo 5.1, parágrafo segundo, e o artigo 6.2, parágrafo segundo, realizarase mediante remisión de copia destes modelos.

4. As redes de comunicacións electrónicas xestionadas polas comunidades autónomas que dean soporte aos órganos xudiciais da xurisdición penal estarán conectadas co Rexistro central, nun entorno integrado de rede, que garanta a confidencialidade e autenticidade das devanditas comunicacións.

*Artigo 8. Acceso á información contida no Rexistro central.*

1. Poderán acceder á información contida no Rexistro central os órganos xudiciais da orde penal, o Ministerio Fiscal e os órganos xudiciais da orde civil que coñezan de procedementos de familia, aos efectos da súa utilización nos procesos ou actuacións nos que interveñan.

Ademais, a Policía Xudicial poderá acceder a esta información para o desenvolvemento das actuacións que lle estean encomendadas en relación coa persecución e seguimento das condutas que teñen acceso a este Rexistro central.

2. O acceso aos datos do Rexistro central levarase a cabo telematicamente polo secretario xudicial do correspondente órgano xudicial, polos fiscais integrantes das distintas fiscalías e por aqueles membros da Policía Xudicial que se determinen.

En todo caso, quedará constancia da identidade das persoas que accedan ao Rexistro central, dos datos consultados e do motivo da consulta.

3. A Administración Xeral do Estado poderá elaborar estatísticas dos datos contidos no rexistro, eludindo toda referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as súas disposicións complementarias.

*Artigo 9. Cancelación de datos relativos a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza firme.*

O encargado do Rexistro central para a protección das vítimas de violencia doméstica procederá a cancelar as anotacións relativas a sentencias penais condenatorias firmes cando teña constancia da cancelación dos correspondentes antecedentes penais polo Rexistro central de penados e rebeldes.

A estes efectos, o Rexistro central de penados e rebeldes comunicará de oficio a cancelación de sentencias penais condenatorias firmes ditadas nalgún dos procedementos aos que se refire o artigo 4.1 na mesma data en que proceda á súa cancelación.

*Artigo 10. Cancelación de datos relativos a procedementos en tramitación, medidas preventivas e ordes de protección.*

1. O encargado do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica procederá a cancelar os datos

anotados en relación cun mesmo procedemento penal en tramitación cando os secretarios xudiciais dos correspondentes órganos da xurisdición penal comuniquen o auto de arquivo ou sobresemento, ou a súa finalización por sentenza absolutoria.

2. Ademais, a acumulación dun procedemento que dese lugar a anotación a outro proceso en tramitación e a inhibición en favor doutro vulgado producirán a cancelación cando o encargado do Rexistro central verifique a anotación do correspondente procedemento de destino.

Do mesmo modo, o encargado do Rexistro central procederá a cancelar os datos relativos a un procedemento en tramitación cando conste no rexistro a anotación da correspondente sentenza condenatoria firme recaída no procedemento.

3. O encargado do Rexistro central para a protección das vítimas de violencia doméstica procederá a cancelar as anotacións relativas medidas preventivas ou de protección, deixando subsistente a inscrición do correspondente procedemento penal en tramitación, cando os secretarios xudiciais dos correspondentes órganos da xurisdición penal, dentro do prazo establecido no apartado 1, comuniquen a súa finalización ou perda de vixencia por calquera causa.

En todo caso, a información que se solicite de acordo co disposto no artigo 8 indicará a existencia de medidas preventivas ou de protección canceladas, sempre que a anotación do procedemento no que se acordou non fose cancelada.

4. Respecto daqueles procedementos que desen lugar a anotacións nos que non se comunicase modificación algunha durante o prazo establecido no artigo 131 do Código Penal, o encargado do Rexistro central dirixirase ao secretario xudicial do correspondente órgano xudicial aos efectos de verificar o seu estado procesual, procedendo a cancelar a anotación cando así resulte da comunicación que este lle remita.

5. O secretario xudicial deberá comunicar ao encargado do Rexistro central de forma inmediata a correspondente nota

relativa ás resolucións xudiciais mencionadas neste artigo unha vez sexan declaradas firmes.

6. O interesado poderá, en calquera momento, solicitarlle ao encargado do rexistro a cancelación ou rectificación dos datos anotados no Rexistro central para a protección das vítimas de violencia doméstica.

Neste suposto, o encargado do rexistro procederá con arranxo ao establecido nos apartados anteriores.

Disposición adicional única. *Comunicación das ordes de protección ás Administracións públicas competentes en materia de protección social.*

1. Os secretarios dos xulgados e tribunais comunicarán as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes, mediante testemuño íntegro, a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola comunidade autónoma correspondente, que constituirán o canal único de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas, de acordo co establecido no apartado 8 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal.

A comunicación do secretario xudicial remitirase nun prazo nunca superior a 24 horas dende a súa adopción, por vía telemática ou electrónica ou, no seu defecto, por medio de fax ou correo urxente.

2. O punto de coordinación designado fará referencia ao centro, unidade, organismo ou institución que centraliza a información, o seu enderezo postal e electrónico, números de teléfono e fax, réxime horario e persoa ou persoas responsables daquel. No caso de comunidades autónomas pluriprovinciais, poderá identificarse un punto de conexión específico para cada provincia.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial manterá unha relación actualizada dos puntos de coordinación designados, remitirá tal identificación na súa integridade e as

súas modificacións ou actualizacións aos Ministerios de Xustiza, de Traballo e Asuntos Sociais e do Interior, así como á Fiscalía Xeral do Estado e ao Tribunal Superior de Xustiza, decanatos e xulgados de instrución do ámbito autonómico correspondente.

Disposición transitoria primeira. *Implantación gradual das comunicacións telemáticas.*

1. A comunicación telemática de datos ao Rexistro central constituirá o canal único e obrigatorio de transmisión da devandita información ao Rexistro central unha vez entre en vigor o Protocolo xeral de seguridade informática dos rexistros da Administración de Xustiza, que se aprobará no prazo de tres meses mediante orde ministerial, sen prexuízo do disposto no artigo 7.3.

2. Ata o momento da entrada en vigor do citado Protocolo xeral de seguridade informática, a transmisión de datos ao Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica se levará a cabo mediante comunicación escrita do secretario xudicial ao encargado do rexistro, debéndose cumprimentar a estes efectos os modelos que se anexan como anexos I.b) e II.b). A xestión destas comunicacións escritas dos secretarios xudiciais e a súa anotación no Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica realizarase polo encargado do rexistro, co soporte administrativo da Dirección Xeral para a Modernización da Administración de Xustiza.

Neste caso, a comunicación á Policía Xudicial á que se refiren o artigo 5.1, parágrafo segundo, e o artigo 6.2, parágrafo segundo, realizarase mediante remisión de copia destes modelos.

Disposición transitoria segunda. *Incorporación de datos relativos a ordes de protección anteriores á entrada en vigor deste real decreto.*

Os datos relativos ás ordes de protección ditadas ao amparo da Lei 27/2003, de 31 de xullo, comunicados ao Ministerio de Xustiza con anterioridade á

entrada en vigor deste real decreto, de conformidade co disposto no apartado 10 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal, anotaranse no Rexistro central.

Disposición final única. Facultades de desenvolvemento.

Autorízase ao Ministro de Xustiza para adoptar as disposicións administrativas e medidas necesarias para o desenvolvemento

e execución deste real decreto, así como para aprobar actualizacións aos modelos contidos nos anexos.

Dado en Madrid, a 5 de marzo de 2004.  
JUAN CARLOS R.

El Ministro de Xustiza,  
JOSÉ MARÍA MICHAVILA NÚÑEZ

**ANEXO I****Modelos de comunicación de datos relativos a penas e medidas de seguridade impostas en sentenza firme****a) Modelo telemático****Ministerio de Xustiza  
REXISTRO CENTRAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA  
VIOLENCIA DOMÉSTICA**

<b>ANOTACIÓN DE SENTENCIA CONDENATORIA</b>			
<b>DATOS PROCEDIMIENTO</b>			
Ref. RCPVD:	Data de envío ao Rex. Central:		
Procedemento:	NIX:		
Órgano xudicial:	Data incoación:		
Delito obxecto do procedemento:			
Órgano sentenciador:	Data sentenza:	Data firmeza:	
Procedemento:		Foi denegada?	
Solicitouse a orde de protección?			
Executoria:			
<b>CONDENADO</b>			
Nome:			
DNI:	Sexo:	Pais:	
Nacemento:	En:	Nacionalidade:	
Domicilios:	Nº:	Piso:	
	Telf.:		
<b>VÍTIMA</b>			
Nome:			
DNI:	Sexo:	Pais:	
Nacemento:	En:	Nacionalidade:	
Domicilios:	Nº:	Piso:	
	Telf.:		
Parentesco:		Convivencia:	



**PENAS****Delito:**

<b>Clase:</b>	<b>Pena:</b>			
<b>Centro penitenciario:</b>	<b>Anos:</b>	<b>Meses:</b>	<b>Días</b>	
<b>D. inicio cumprimento:</b>				
<b>Estado</b>	<b>Data:</b>	<b>Duración:</b>		

<b>Clase:</b>	<b>Pena:</b>			
<b>Centro penitenciario:</b>	<b>Anos:</b>	<b>Meses:</b>	<b>Días</b>	
<b>D. inicio cumprimento:</b>				
<b>Estado</b>	<b>Data:</b>	<b>Duración:</b>		

<b>Clase:</b>	<b>Pena:</b>			
<b>Centro penitenciario:</b>	<b>Anos:</b>	<b>Meses:</b>	<b>Días</b>	
<b>D. inicio cumprimento:</b>				
<b>Estado</b>	<b>Data:</b>	<b>Duración:</b>		

**Sinatura:****Selo órgano xudicial**

O:.....

b) Modelo en soporte papel

**Ministerio de Xustiza  
 REXISTRO CENTRAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA  
 VIOLENCIA DOMÉSTICA**

**ANOTACIÓN DE PROCEDEMENTOS SENTENCIADOS**

<b>DATOS DO PROCEDEMENTO</b>		
Órgano instructor	Localidade	Provincia
NIX do asunto	Clase de procedemento	Número/ano
Delito/Falta obxecto do procedemento	Data incoación	
Órgano sentenciador	Localidade	Provincia
Clase de procedemento	Número/ano	
Data sentencia	Data firmeza	
Órgano de executoria	Localidade	Provincia
Número/ano da executoria		

<b>CONDENADO</b>			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome	Sexo(H/M)	Nome do pai	Nome da nai
Data nacemento	Localidade nacemento	Provincia nacemento	Nacionalidade
DNI/Pasaporte/Tarx. Residencia/NIE	Teléfono	Domicilio(s)	Núm. Piso
Poboación	Código Postal	Provincia	País

<b>VÍTIMA</b>			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome	Sexo(H/M)	Nome do pai	Nome da nai
Data nacemento	Localidade nacemento	Provincia nacemento	Nacionalidade
DNI/Pasaporte/Tarx. Residencia/NIE	Teléfono	Domicilio(s)	Núm. Piso
Poboación	Código Postal	Provincia	País
Relación de parentesco ou afectividade co denunciado ou imputado			

<b>PENAS IMPOSTAS AO CONDENADO</b>
------------------------------------

DELITO	PENA	Clase(principal/accesoria/ Medida de seguridade)	
		Data inicio cumprimento	
		Duración (días/meses/anos)	
		Contía	
		Centro penitenciario	
		Estado	
		Data estado	
	PENA SUBTITUTORIA/OBRIGADA DERIVADA SUSPENSIÓN	Duración da suspensión/substitución Data revogación	

DELITO	PENA	Clase(principal/accesoria/ Medida de seguridade)	
		Data inicio cumprimento	
		Duración (días/meses/anos)	
		Contía	
		Centro penitenciario	
		Estado	
		Data estado	
	PENA SUBTITUTORIA/OBRIGADA DERIVADA SUSPENSIÓN	Duración da suspensión/substitución Data revogación	

<b>Data</b>  <b>O:</b> _____	<b>Selo do órgano xudicial</b>
------------------------------------	--------------------------------

**ANEXO II****Modelos de comunicación de datos relativos a procedimientos penais en tramitación, medidas preventivas e ordes de protección****a) Modelo telemático****Ministerio de Xustiza  
REGISTRO CENTRAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA  
VIOLENCIA DOMÉSTICA**

<b>ANOTACIÓN DE PROCEDEMENTO EN TRÁMITE</b>		
<b>DATOS PROCEDEMENTO</b>		
Ref. RCPVD:	Data de envío ao Rex. Central:	
Procedemento:	NIX:	
Órgano xudicial:		
Delito obxecto do procedemento:		
Data incoación:	Data reapertura:	
Data cancelación:	Motivo:	
Solicitouse a orde de protección?	Foi denegada?	
Orixe:		
<b>DENUNCIADO OU IMPUTADO</b>		
Nome:		
DNI: Nacemento:	Sexo: En:	Pais: Nacionalidade:
Domicilios:	Nº: Telf.:	Piso:
<b>VÍTIMA</b>		
Nome:		
DNI: Nacemento:	Sexo: En:	Pais: Nacionalidade:
Domicilios:	Nº: Telf.:	Piso:
Parentesco:	Convivencia:	

<b>ORDE DE PROTECCIÓN</b>	
<b>MEDIDAS PREVENTIVAS PENAIS</b>	
<b>Afectando a:</b> <b>Medidas:</b> <b>D. ditado:</b> <b>D. inicio cumprimento:</b> <b>D. cancelación:</b>	
<b>MEDIDAS CIVÍS</b>	
<b>Afectando a:</b> <b>Medidas:</b> <b>D. ditado:</b> <b>D. inicio cumprimento:</b> <b>D. cancelación:</b>	
<b>Data</b>  <b>O:</b> _____	<b>Selo do órgano xudicial</b>

**b) Modelo en soporte papel**

**Ministerio de Xustiza  
 REXISTRO CENTRAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DA  
 VIOLENCIA DOMÉSTICA**

<b>NOTA DE INCOACIÓN, REAPERTURA E CANCELACIÓN DE    PROCEDIMENTOS PENAIS E ANOTACIÓN E CANCELACIÓN DE    MEDIDAS</b>
---

<b>DATOS DO PROCEDIMENTO</b>			
Órgano instructor	Localidade	Provincia	
NIX do asunto	Clase de procedemento	Número/ano	
Órgano sentenciador	Localidade	Provincia	
Clase de procedemento		Número/ano	
Data incoación	Data reapertura	Data cancelación	Motivo cancelación
Delito/falta obxecto de procedemento			
Órgano orixe (Inhibición/acumulación)	Localidade	Provincia	
Clase de procedemento		Número/ano	

<b>DENUNCIADO OU IMPUTADO</b>			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome	Sexo(H/M)	Nome do pai	Nome da nai
Data nacemento	Localidade nacemento	Provincia nacemento	Nacionalidade
DNI/Pasaporte/Tarx. Residencia/NIE	Teléfono	Domicilio(s)	Núm. Piso
Poboación	Código Postal	Provincia	País

<b>VÍTIMA</b>			
Primeiro apelido		Segundo apelido	
Nome	Sexo(H/M)	Nome do pai	Nome da nai
Data nacemento	Localidade nacemento	Provincia nacemento	Nacionalidade
DNI/Pasaporte/Tarx. Residencia/NIE	Teléfono	Domicilio(s)	Núm. Piso
Poboación	Código Postal	Provincia	País

**Relación de parentesco ou afectividade co denunciado ou imputado**



**ORDE DE PROTECCIÓN: Data:**      **MEDIDAS PREVENTIVAS: Data:**

**MEDIDAS CIVÍS**

<b>Medidas e características</b>	<b>Data inicio cumprimento</b>	<b>Duración</b>	<b>Data cancelación</b>

**MEDIDAS PENAIS**

<b>Medidas e características</b>	<b>Data inicio cumprimento</b>	<b>Duración</b>	<b>Data cancelación</b>

**Data**

O: \_\_\_\_\_

**Selo do órgano xudicial**